



# Sistema de indicadores de lonxeidade

Resumo de resultados 31/05/2024

## Índice

Introdución.....	1
Indicadores demográficos.....	1
Indicadores sociais e educativos.....	6
Indicadores sanitarios.....	13
Indicadores laborais e económicos .....	16

## Introdución

A lonxeidade, entendida como a duración da vida do ser humano, incrementouse de forma espectacular durante todo o século XX e segue avanzando no século XXI. O envellecemento poboacional é un dos temas que máis preocupa actualmente en Galicia, precisamente por ser unha das rexións nas que este fenómeno se presenta con maior intensidade no territorio español e europeo.

O grupo de poboación que se pode identificar co distintivo “persoa maior” precisa de información específica, desde distintos ámbitos: demográfico, social, educativo, sanitario, laboral e económico. Con esta operación estatística o IGE presenta un [conxunto de indicadores](#) sobre os individuos de 65 ou máis anos que pretende ofrecer unha visión da situación actual deste colectivo.

## Indicadores demográficos

A porcentaxe de poboación de 65 ou máis anos con respecto ao total de poboación de Galicia aumenta ano tras ano. Na actualidade representa máis do 25% (o 26,3% no ano 2023) , e as previsións apuntan a que se situará no 32,4% dentro de 13 anos.

## Porcentaxe de poboación de 65 ou máis anos

*Unidade: porcentaxe*

<b>Espazo</b>	<b>2023</b>	<b>2037</b>
España	20,1	26,0
Galicia	26,3	32,4
- A Coruña	25,7	31,8
- Lugo	30,0	35,3
- Ourense	31,9	36,5
- Pontevedra	23,9	30,7


*Fonte: IGE. Indicadores demográficos; IGE. Sistema de indicadores de lonxevidade (descarga da táboa)*

Un indicador utilizado para medir a evolución deste colectivo no tempo é o denominado "índice de envellecemento", que relaciona a poboación de 65 ou máis anos con respecto a cada 100 persoas menores de 20 anos. Mentres que en España este indicador toma valores en torno a 110, en Galicia presenta un continuo incremento nas últimas décadas ata o valor de 169,3 no ano 2023; as previsións apuntan na mesma dirección de incremento nos seguintes anos, chegando a tomar valores superiores a 251 no ano 2037.



## Evolución do índice de envellecemento

Unidade: porcentaxe




Fonte: IGE. Indicadores demográficos; IGE. Proxeccións de poboación a curto prazo (descarga da serie ata 2023 e dende 2024 a 2037 (datos proxectados))

A estrutura do grupo de persoas de 65 ou máis anos varía no tempo. Mentres que no ano 2023 o colectivo de 70 a 74 anos representa o 22,3% do colectivo, as previsións indican que no ano 2037 este rango de idades perderá peso ata o 21,8%. De aquí a 2037 gañará peso o conxunto de persoas de 80 a 84 anos e, por outra parte, o de maior idade permanecerá estable, co 19,6% da poboación de 65 ou máis anos.

## Estrutura por grupos de idade da poboación de 65 ou máis anos. Galicia. Ano 2023


Unidade: porcentaxe



Fonte: IGE. Indicadores demográficos (descarga da serie ata 2023)

## Estrutura por grupos de idade da poboación de 65 ou máis anos. Galicia. Ano 2037

Unidade: porcentaxe




Fonte: IGE. Sistema de indicadores de lonxevidade (descarga da táboa (datos proxectados))



Outro indicador que mide habitualmente a estrutura deste colectivo é o “índice de sobreenvellecemento”, que calcula a porcentaxe que representa a poboación de 85 ou máis anos sobre o grupo de 65 ou máis anos. No ano 2023 este indicador tomou o valor de 19,6 en Galicia e 16,5 en España.

## Evolución do índice de sobreenvellecemento

Unidade: porcentaxe




Fonte: IGE. Indicadores demográficos; IGE. Proxeccións de poboación a curto prazo (descarga da serie ata 2023 e dende 2024 a 2037 (datos proxectados))

Unha das preocupacións que xorde a raíz do envellecemento dunha poboación é como se incrementa a poboación en idade “potencialmente dependente”, que pode cuantificarse co denominado “índice de dependencia senil”, calculando cantos individuos de 65 ou máis anos viven nun territorio por cada 100 persoas en idade potencialmente activa (de 15 a 64 anos). Este indicador en Galicia presenta un incremento continuo nos últimos anos e grandes diferenzas entre ambos os dous sexos.

## Evolución do índice de dependencia senil segundo o sexo. Galicia

Unidade: porcentaxe



Fonte: IGE. Indicadores demográficos; IGE. Sistema de indicadores de lonxevidade (descarga da serie ata 2023)


## Indicadores sociais e educativos

Os galegos de 65 ou máis anos viven maioritariamente en fogares compostos unicamente por persoas dese grupo de idade; no ano 2022 a porcentaxe de galegos nesta situación cifrouse no 56,5%.



## Persoas de 65 ou máis anos que viven en fogares con todos os seus membros nese grupo de idade. Galicia

Unidade: porcentaxe



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#))

Por provincias, mentres que en Ourense máis do 62% dos maiores de 65 anos viven en fogares con todos os seus membros nese grupo de idade, na provincia de Pontevedra esta porcentaxe está por debaixo do 54%.

## Persoas de 65 ou máis anos que viven en fogares con todos os seus membros nese grupo de idade. Galicia e provincias

Unidade: porcentaxe


Espazo	2001	2022
Galicia	47,6	56,5
- A Coruña	45,6	56,8
- Lugo	46,9	56,5
- Ourense	57,3	62,7
- Pontevedra	45,1	53,4

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#))

Por outra parte, en canto á tipoloxía dos fogares galegos compostos por persoas de 65 ou máis anos, o 48,5% son unipersoais e o 46,1% son parellas sen fillos, segundo os datos correspondentes ao ano 2022.

### Tipoloxía dos fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos. Galicia. Ano 2022

*Unidade: porcentaxe*



*Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#))*

O estado civil máis habitual tanto en Galicia como en España das persoas de 65 ou máis anos é o de "casado"; esta porcentaxe aproxímase ao 60% en Galicia e mesmo supera esta porcentaxe en España.







## Distribución da poboación de 65 ou máis anos segundo o estado civil. Ano 2023

Unidade: porcentaxe

### Galicia



### España



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa ([descarga da táboa](#))




En canto ao nivel educativo alcanzado polas persoas de 65 ou máis anos, é inferior en Galicia a porcentaxe de persoas sen estudos, denominados como "Analfabetos" na clasificación da *Enquisa de poboación activa (EPA)*, fonte desta información, con respecto ao total de España.






### Distribución da poboación de 65 ou máis anos segundo o nivel de formación alcanzado. Ano 2023


*Unidade: porcentaxe*

#### Galicia



## España

-  Estudos primarios
-  Educación secundaria. Primeira etapa
-  Educación superior
-  Educación secundaria. Segunda etapa
-  Analfabetos




Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa ([descarga da táboa](#))

Moi relacionado co nivel de formación alcanzado é o uso das TIC por parte do colectivo de persoas maiores. Nas seguintes gráficas pode consultarse o uso de internet e do comercio electrónico por parte das persoas de 65 a 74 anos no último ano dispoñible.

## Porcentaxe de persoas de 65 a 74 anos que durante 2023 usou internet


Unidade: porcentaxe



Fonte: INE. Encuesta sobre equipamiento y uso de tecnologías de la información y comunicación en los hogares ([descarga da táboa](#))

## Porcentaxe de persoas de 65 a 74 anos que durante 2023 usou o comercio electrónico

Unidade: porcentaxe



Fonte: INE. Encuesta sobre equipamiento y uso de tecnologías de la información y comunicación en los hogares ([descarga da táboa](#))

## Indicadores sanitarios

As principais causas de defunción das persoas de 65 e máis anos en Galicia, segundo a Clasificación Internacional de Enfermidades (CIE) 10ª revisión, son as enfermidades do sistema circulatorio e os tumores.

### Defuncións de persoas de 65 ou máis anos segundo a causa. Galicia. Ano 2022

Unidade: porcentaxe (%)

Causa	Ambos sexos	Homes	Mulleres
I Enfermidades infecciosas e parasitarias	7,0	7,4	6,7
II Tumores	21,8	27,3	16,8
III Enfermidades do sangue, órganos hematopoiéticos e inmunidade	0,5	0,4	0,6
IV Enfermidades endocrinas, nutricionais e metabólicas	3,5	3,1	3,9
V Trastornos mentais e do comportamento	8,1	5,6	10,3
VI-VIII Enfermidades do sistema nervioso e dos órganos dos sentidos	5,0	4,4	5,5
IX Enfermidades do sistema circulatorio	28,2	25,6	30,4
X Enfermidades do sistema respiratorio	11,0	12,2	9,9
XI Enfermidades do sistema dixestivo	4,6	4,6	4,5
XII Enfermidades da pel e do tecido subcutáneo	0,6	0,4	0,7
XIII Enfermidades do sistema osteomuscular e do tecido conxuntivo	0,9	0,7	1,1
XIV Enfermidades do sistema xénitourinario	4,0	3,6	4,4
XV Embarazo, parto e puerperio	0,0	--	0,0
XVI Afeccións orixinadas no período perinatal	0,0	0,0	0,0
XVII Malformacións conxénitas, deformidades e anomalías cromosómicas	0,1	0,0	0,1
XVIII Síntomas, signos, achados anormais clínicos ou de laboratorio	1,4	1,0	1,8

Causa	Ambos sexos	Homes	Mulleres
XX Causas externas de mortalidade	3,5	3,8	3,1

*Nota: (-) Non procede.*

*Fonte: INE. Defunciones según la causa de muerte ([descarga da táboa](#))*

Por grupos de idade, as causas predominantes nos individuos menores de 80 anos son os tumores, mentres que as enfermidades do sistema circulatorio son máis frecuentes nas defuncións de persoas de 80 anos e máis.

### **Defuncións de persoas de 65 ou máis anos, segundo grupo de idade e causa. Galicia. Ano 2022**

*Unidade: porcentaxe (%)*

Idade	Tumores	Enfermidades do sistema circulatorio	Outras causas
65 a 69 anos	49,2	17,8	32,9
70 a 74 anos	42,5	20,4	37,2
75 a 79 anos	36,5	22,1	41,4
80 a 84 anos	25,4	26,7	48,0
85 a 89 anos	17,8	29,3	52,8
90 a 94 anos	10,9	32,4	56,7
95 ou máis anos	6,8	34,7	58,5

*Fonte: INE. Defunciones según la causa de muerte ([descarga da táboa](#))*

A estancia hospitalaria media das persoas de 65 ou máis anos é inferior en Galicia con respecto ao total de España en todos os grupos de idade considerados.



## Estancia hospitalaria media de persoas de 65 anos ou máis. Ano 2022

Unidade: días

Idade	España	Galicia
De 65 a 74 anos	9,2	9,1
De 75 a 84 anos	10,1	9,5
De 85 a 89 anos	10,8	9,5
De 90 a 94 anos	10,9	8,9
De 95 anos e máis	12,5	8,9

Fonte: INE. Encuesta de morbilidad hospitalaria ([descarga da táboa](#))

A esperanza de vida aos 65 anos en Galicia, entendida como unha estimación do promedio de anos que lle queda por vivir a unha persoa que chega con vida aos 65 anos, no caso de que as condicións de mortalidade se mantivesen constantes e semellantes ás do ano de referencia, situouse en 2022 en 21,4 anos.

## Esperanza de vida aos 65 anos. Ano 2022


Unidade: anos

Espazo	Ambos sexos	Homes	Mulleres
Galicia	21,4	19,2	23,4
- Pontevedra	21,4	19,4	23,2
- Ourense	21,8	19,5	24,0
- Lugo	21,2	19,2	23,1
- A Coruña	21,3	19,0	23,4

Fonte: IGE. Indicadores demográficos; INE. Indicadores demográficos básicos ([descarga da táboa](#))

## Evolución da esperanza de vida aos 65 anos segundo o sexo. Galicia

Unidade: anos



Fonte: IGE. Indicadores demográficos ([descarga da táboa](#))

## Indicadores laborais e económicos

O 1,8% da poboación activa galega pertencía no ano 2023 ao grupo de idade de 65 ou máis anos (en España, o 1,5%), segundo os datos extraídos da EPA. Por outra parte, o colectivo de persoas de 65 ou máis anos inactivas representa o 61,4% do total de persoas inactivas en Galicia.



## Porcentaxe que representa a poboación de 65 ou máis anos, segundo a relación coa actividade económica. Galicia. Ano 2023

Unidade: porcentaxe


Actividade	Ambos sexos	Homes	Mulleres
Activos	1,8	1,7	1,8
- Ocupados	1,9	1,8	2,0
- Parados	0,6	0,3	0,6
Inactivos	61,4	60,7	61,9

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa ([descarga da táboa](#))

O número de pensionistas de 66 ou máis anos en Galicia supera o medio millón de persoas desde o ano 2009, segundo a información da AEAT.

## Número de pensionistas de máis de 65 anos. Galicia

Unidade: persoas



Fonte: Agencia Estatal de la Administración Tributaria. Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias ([descarga da táboa](#))

O importe medio anual desas pensións é superior no grupo de idade de 66 a 75 anos (18.116 euros) que no de 76 anos ou máis (14.047 euros) en Galicia, segundo a información relativa ao ano 2022.

### Importe medio anual das pensións. Ano 2022


*Unidade: euros*

<b>Espazo</b>	<b>Ambos sexos</b>	<b>Homes</b>	<b>Mulleres</b>
De 66 a 75 anos			
- España	20.078	22.547	17.206
- Galicia	18.116	20.619	15.384
Maior de 75 anos			
- España	16.063	19.035	13.743
- Galicia	14.047	16.389	12.340

*Fonte: Agencia Estatal de la Administración Tributaria. Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias ([descarga da táboa](#))*

## Pensión media anual dos pensionistas de máis de 65 anos. Galicia

Unidade: euros



Fonte: Agencia Estatal de la Administración Tributaria. Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias ([descarga da táboa](#))

Pode consultarse o proxecto desta estatística na seguinte ligazón:  
<https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/proxectosTecnicos/21-103SistemaDeIndicadoresDeLonxevidade.pdf>

---

### Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <https://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp?paxina=005006001&idioma=gl>

Teléfono de información: 981 54 15 89 (de 9 a 15:00 h.)

Fax: 981 54 13 23

Sitio web: <https://www.ige.gal>